



vai cadro de conto



No Museo das Mariñas temos pezas que nunca pasan desapercibidas. Unha delas é este cadro, un óleo que parece representar á familia Baena-Martínez, posiblemente pintado polo médico-farmacéutico Miguel Baena.

A través das imaxes que aparecen nesta obra queremos montar un conto colectivo, a modo de cadáver exquisito, entre todos os nenos e as nenas dunha aula.

vaia cadro conto

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Partindo dunha frase inicial inventada pola persoa encargada do grupo, toda a clase terá que completar a historia engadindo cada un dos alumnos unha frase que vaia ampliando a historia.

Existen dúas posibilidades de desenvolver este xogo:

- ORALIDADE: simplemente dicindo as frases inventadas e ampliando, persoa a persoa, a historia que evoca a imaxe deste cadro.
- ESCRITURA: se contan con destrezas na escrita, cada alumno escribirá unha frase que logo xuntaremos, a modo de cadáver exquisito, para completar o conto deste cadro.

OBXECTIVOS

Con este pequeno divertimento buscamos potenciar a creatividade e a imaxinación dos máis pequenos, fomentando a súa atención nos pequenos detalles que compoñen o cadro, realizando un traballo colectivo e alentando á creación literaria. No caso de desenvolver a trama de xeito oral, buscaremos potenciar as ferramentas das lendas orais e a súa transmisión, axudando a memorizar o conto para que poida ser repetido no futuro.